



# FOLLA INFORMATIVA



## **ÁBRESE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE NOVO INGRESO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BERGONDO PARA O CURSO 2018/2019**

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** Todo o mes de marzo.

**COMO PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN:**

**1.-PRESENCIAL**(Recomendamos pasar antes polo Departamento de Servizos Sociais para comprobar que a documentación é a correcta)

a) Rexistro Xeral do Concello de Bergondo

Horario: de 9:00 a 14:45 de luns a venres

b) Rexistros doutras entidades ( teñen que estar dadas de alta no Sistema de Interconexión de rexistro (SIR)

**2.- TELEMÁTICA**

a) Sede electrónica municipal

b) Rexistro electrónico común. Entrando a través do rexistro telemático da Sede-e

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE** (Artig. 14 Regulamento de funcionamento e organización da escola infantil municipal do Concello de Bergondo , publicado no BOP n° 125 .3 de xullo de 2012).

**DOCUMENTACIÓN XERAL**

- ◆ Modelo de Solicitud.
- ◆ Fotocopia cotexada do Libro de Familia.
- ◆ Fotocopia simple do DNI do pai/nai/representante legal.
- ◆ Certificado de empresa, contrato laboral ou última nómina que xustifique o posto de traballo no Termo Municipal de Bergondo (se é o caso).
- ◆ Volante de empadramento doutros concellos (se é o caso).

**XUSTIFICANTES DA SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR**

- ◆ Fotocopia da sentenza de separación ou divorcio (se é o caso).
- ◆ No caso de ruptura de parella feito con fillos, fotocopia da sentenza sobre medidas paterno-filiais ou no seu defecto, o convenio regulador.
- ◆ Documento que xustifique o acollemento do/da menor (se é o caso).
- ◆ Fotocopia do certificado de minusvalidez daqueles membros da unidade familiar afectados por discapacidade física, psíquica ou sensorial.
- ◆ Certificado de convivencia no caso de familias monoparentais.
- ◆ Fotocopia do Libro de Familia Numerosa.
- ◆ Verificación da asistencia doutros irmáns no Centro a través do informe da Dirección da Escola Infantil.
- ◆ Fotocopia da Orde de Protección ou da Medida Cautelar para vítimas de violencia de xénero.

**XUSTIFICANTES DA SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA E LABORAL**

- ◆ Fotocopia da última nómina do pai/nai en caso de traballo por conta allea ou certificado do INEM do pai e/ou nai en caso de estar en desemprego.
- ◆ Informe de vida laboral actualizado.
- ◆ Certificación da declaración do IRPF das persoas físicas da unidade familiar (ano 2016). En caso de declaracións individuais copia da declaración de cada persoa da unidade familiar obrigada a declarar.
- ◆ En caso de non presentación da declaración da renda os solicitantes de devolución rápida presentarán copia da comunicación que lle enviou a Admón.Tributaria.
- ◆ Os non obrigados a declarar e que non solicitaron devolución presentarán certificación de datos existentes en Facenda.
- ◆ Fotocopia de certificados de pensións ou prestacións de membros da unidade familiar (se procede).
- ◆ Calquera outra documentación na que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo .
- ◆ Os autónomos presentarán fotocopia das declaracións trimestrais do IVA e da Renda.

Terán preferencia de admisión, en 1º lugar as unidades familiares empadroadas no Concello de Bergondo, en 2º lugar cando se traballe neste Termo Municipal e sempre e cando existan prazas vacantes na primeira prioridade e en 3º lugar os residentes en concellos limítrofes, sempre e cando non se cubran as prazas vacantes nos dous supostos anteriores

(\*)PARA MÁIS INFORMACIÓN REMITIRSE A **SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE BERGONDO**  
Teléfono 981-79.12.52. Ext. 3



## CONCELLO DE BERGONDO

***ASUNTO: APERTURA DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE NOVO INGRESO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BERGONDO PARA O CURSO 2018/2019, DIRIXIDA A NENOS E NENAS MENORES DE TRES ANOS***

Polo presente diríxome a vostede, para informarlle de que o Concello de Bergondo habilitará un prazo, **O MES DE MARZO, PARA FORMALIZAR AS SOLICITUDES DE NOVO INGRESO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BERGONDO PARA O CURSO 2018/2019.**

Así mesmo, xunto co presente escrito, achégase información complementaria sobre a documentación que debe presentar, para o posterior proceso de baremación e admisión, segundo o regulamento de funcionamento da Escola Infantil Municipal de Bergondo, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 125 , do 3 de xullo de 2012.

Sen outro particular, aproveito para trasladarlle un cordial saúdo

Bergondo, 20 de febreiro de 2018  
A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez